



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACTA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FISTERRA O DÍA 01/02/2024, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

ASISTENTES

PRESIDENCIA

DOMINGUEZ SISTO, Aurea (AdV)

CONCELLEIROS

PARTIDO POPULAR (PP)

INSUA LAGO, Luis Manuel
RODRIGUEZ NEMIÑA, Susana
TRABA FERNANDEZ, José Manuel
SUAREZ SILVA, Jenifer
CANOSA TRILLO, Manuel

ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (AdV)

MARTINEZ TRABA, Francisco
LESTON REDONDA, Francisco Antonio

PARTIDO SOCIALISTA (PSdeG – PSOE)

MARCOTE SUAREZ, José
DOMINGUEZ LADO, Alexandre

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa

SECRETARIO - INTERVENTOR

VÁZQUEZ CAMPAÑA, Marcos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 1/02/2024, reúnen no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno da Corporación.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución do Pleno, requírese a asistencia dun tercio do número legal de membros da corporación, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso, requírese a asistencia da Presidenta e do Secretario da corporación ou de aqueles que legalmente os substitúan.

Comprobado polo Secretario - Interventor, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración do acto segundo as disposicións vixentes, a Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o

contido da seguinte

ORDE DO DÍA

1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

2º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA PARA COÑECEMENTO.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

3º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA CONTRARIAS AOS REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN (ARTIGO 218.1 DO TRLHL). C) ROGOS E PREGUNTAS

4º) ROGOS E PREGUNTAS

1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DA SESIONS ANTERIORES.

Intervén a Sra. Alcaldesa preguntando se algún membro da Corporación, quere formular algunha observación, ao contido das actas das sesións celebradas polo Pleno da Corporación respectivamente os días 7/12/2023 e 23/01/2024, distribuídas coa convocatoria.

Ao non facer uso da palabra ningún membro da corporación, a Sra. Alcaldesa somete a votación a proposta de aprobación da acta da sesión do Pleno da Corporación do 7/12/2023, sendo aprobada por 10 votos a favor (5 PP, 3 Alternativa dos Veciños, 2 PSDG-PSOE) e 1 abstención do Grupo BNG, xa que a actual concelleira Teresa Fernández Martínez non asistiu a dita sesión.

A continuación sométese a votación a aprobación da acta da sesión extraordinaria do día 23/01/2024, e queda aprobada por 10 votos a favor (4 PP, 3 de Alternativa dos Veciños, 2 PSDG-PSOE, e 1 BNG).

Abstense o Sr. José Manuel Traba Fernández, xa que non asistiu a dita convocatoria.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

2º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA PARA COÑECEMENTO.

Non hai intervencións ao respecto . Dase conta pero non se vota.

3º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA CONTRARIAS AOS REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN (ARTIGO 218.1 DO TRLHL).

Non se producen intervencións.

PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DE ALCALDÍA DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN UNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 1/2024” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

Expedientes: 2024/A003/000004 2024/A003/000005 2024/A003/000006

Ao abeiro do artigo 82.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais (ROF), que establece que o Alcalde por razón de urxencia debidamente motivadas poderá incluír na orde do día asuntos que non foran



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

dictaminados previamente pola Comisión Informativa, debendo ratificarse previamente polo Pleno a súa inclusión na orde do día; vindo esta urxencia motivada pola necesidade de adoptar en prazo o acordo plenario de aprobación do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) "POS adicional 1/2024" para o financiamento de gastos sociais extraordinarios do Concello de Fisterra.

Vistas as Bases reguladoras plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) "POS+ 2024", aprobadas polo Pleno Deputación Provincial de A Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 24 de novembro de 2023 e publicadas no BOP nº227 de 28/11/2023.

Xunto co POS+2024 regúlase simultaneamente, o POS+ADICIONAL 1/2024 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, que será xestionado pola Sección de Servizos Sociais desta Deputación.

A cantidade do POS+ADICIONAL 1/2024 asignada a ese concello para os gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024 ascende a 39.484,65 €.

En base ao anterior, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Ratificar, en base ao artigo 82.3 do ROF, a urxencia da presente moción para a súa inclusión na Orde do Día do Pleno Ordinario do 01/02/2024.

2º) Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+Adicional 1/2024**" da Deputación Provincial da Coruña para o **financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL 12024

39.484,65 €

Dato notificado que figura no seu expediente

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIO 2023 GASTOS CORRENTES	PREVISION GASTOS 2024	ESTIMACION DOUTROS INGRESOS PUBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACION GASTO FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISION DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICION AL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C = A - B)	(D)	(E= C- D)
A)Reforzo ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do Concello	0,00 €		0,00 €	0,00 €	0,00 €



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a súa tramitación Urxente das prestación obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situación de risco para persoas vulnerables. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais FOPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.					
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, e/ou dependentes, persoas con diversidade funcional, persoas con enfermidade mental, persoas con adicións, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero e aquelas persoas en risco de exclusión social, cando eles e as persoas ao seu cargo carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais. As axudas en especie consideraranse gasto corrente sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €	22.484,65 €	0,00 €	22.484,65 €	22.484,65 €	0,00 €
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades e			0,00 €		0,00 €



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. O importe non ode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluído aquela que corresponde a horas xa concedidas.					
d)Reforzo do servizo e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.			0,00 €		0,00 €
e)Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades valoradas polos profesionais dos servizos sociais.			0,00 €		0,00 €
f)Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables e sexan debidamente xustificadas	10.000 €	0,00 €	10.000€	10.000€	0,00 €
g)Aluguer de equipamento			0,00 €		0,00 €



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
 15155 FISTERRA (A Coruña)
 Telf. 981 740 001
 Fax: 981 740 677

técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.					
h)Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1h.			0,00 €		0.00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRIENTES. Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación.	32.484,65 €	0,00 €	32.484,65 €	32.484,65 €	0,00 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS INVESTIMENTO	PREVISION GASTOS 2024	ESTIMACION DOUTROS INGRESOS PUBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACION GASTO FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISION DO IMPORTE A IMPUTAR POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C= A- B)	(D)	(E=C-D)
l) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a	7.000 €	0,00 €	7.000 €	7.000 €	0,00 €

**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios					
j) Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	7.000 €	0,00 €	7.000 €	7.000 €	0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023	39.484,65 €	0,00 €	39.484,65 €	39.484,65 €	0,00 €

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRIENTES	32.484,65 €
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS; Equipamento técnico asistencias para cesión (I)	7.000 €
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS; Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS + ADICIONAL 2023 (I + II + III)	39.484,65 €

2. Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan as actividades ou investimentos subvencionados así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Antes de ROGOS e PREGUNTAS, propónse primeiramente a ratificación da urxencia de incursión desta Moción, que é aprobada por unanimidade.

Sra. Alcaldesa:

-“ Foilles achegada no día de hoxe a todos/as os/as concelleiros/as e aquí vaise decidir a súa incursión por urxencia no día de hoxe.”



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sr. Luis Insua:

-“ Entendemos que a urxencia vén motivada porque o prazo remata o día 9.”

Sra. Alcaldesa

-“A Moción trátase de participar no plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal. Imos votar a súa inclusión no día de hoxe.”

A Moción cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitamos a achega provincial para gastos sociais que se detallan no Informe emitido pola Secretaría-Intervención segundo se indica.”

A Sra. Alcaldesa pregunta se hai algunha intervención ao respecto.

Intervén o Sr. Luís Insua:

-“Nós imos aprobar este POS de Servizos Sociais pero porque creemos que Fisterra así como o resto dos Concellos da contorna teñen dereito. Sen embargo, traelo así hoxe desta forma á última hora, dándonos a documentación aos concelleiros ás 14.00 horas é unha chapuza. Demostran vostedes ter unha falta de previsión increíble, incluso me atrevería a dicir descoñecemento porque non está posta para dictaminar na Comisión Informativa así que eu non sei se este vai ser o Plan de actuación ou se estades perdidos agora ao principio.”

Sra Alcaldesa:

-“Esto é unha partida que son 39.484,65 € que se asigna ao POS adicional e non hai nada que dicir, nin que dictaminar. Simplemente aprobar isto”

Sr. Luís Insua:

-“Era necesario ter un ditame”.

Sra. Alcaldesa:

-“Se houbese un ditame, examinaríao con lupa, estamos tratando esto e teñen a posibilidade de rexeitalo”.

Sr. Luís Insua:

-“Hai que ter maior previsión, vós sabíades que o prazo remataba o día 9, esto non se pode traer a última hora, dándolle a información aos Concelleiros catro horas antes do Pleno”

Sra. Alcaldesa:

-“Esto é o que recolle a Lei para estes casos. E unha Moción para a que se vota a súa urxencia, non facemos nada que a Lei non recolla”.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sr. Luís Insua:

-“Simplemente estou diciendo que esta non é a forma. Non é unha opinión, é unha realidade, nunca pasou esto”.

Sr. José Marcote:

-“Nós tamén votamos a favor porque non imos perder os cartos, é a última posibilidade é mételo hoxe por urxencia porque o seguinte Pleno ordinario sería en 2 meses.”

Sra Alcaldesa:

-“Pódense convocar Plenos extraordinarios cando así o requira a situación. Supoño que niso estamos de acordo”.

Sr. José Marcote:

-“Se pode convocar Plenos extraordinarios cantos queira, cal é o problema en incluílo no Pleno extraordinario que imos ter o día 6?”

Sra. Alcaldesa:

-“ Non, porque isto foi consensuado, e é así como o temos que facer.”

Sr. José Marcote:

-“Non se pode incluír no día 6?”

Sra Alcaldesa:

-“Para o ordinario está pechada a Orde do Día”.

Sr. Luís Insua:

-“ Esto é todo por falta de previsión porque sabíades que o día 9 remataba o prazo. Entónces porque se anda con estas historias, e por qué non se fan as cousas ben”.

Sra. Alcaldesa:

-“As cousas xa se están facendo ben.”

Sr. José Marcote:

-“Como estaba diciendo, nós temos que apoiar evidentemente porque non queda máis remedio. Non lle imos causar prexuízos ao Concello e perder os cartos.

Como di o representante do PP hai que ser máis visor. Pódenos pasar que poidamos perder cartos como sigamos con estas historias”.

Sra. Alcaldesa:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“Eu penso que todos os que estamos aquí presentes o último que queremos se temos a solución na man, é perder cartos para o Concello”.

Sr. José Marcote:

-“Hoxe si, porque se acordou hoxe pola mañá”.

Sra. Alcaldesa:

-“Acordaríase pola tarde e faríase outro Pleno extraordinario. Non creo que fora insalvable”

Sra. Teresa Fernández:

-“Nós tamén votamos a favor. Pensamos que é unha cuestión de trámite, e non dunha Moción, se falamos de Moción parece que é unha iniciativa de Alternativa dos Veciños”.

Sra. Alcaldesa:

-“ Non o é, eu seguí as indicacións de Secretaría-Intervención. Non é unha proposta de Alternativa dos Veciños”.

Sra Teresa Fernández:

-“ Non, porque isto xa se fixo máis veces pero neste caso presentouse a través dunha Moción”.

Sra. Alcaldesa:

-“Trátase do POS social e tráese deste xeito.

Procédese á votación e queda aprobada por unanimidade”.

4º) ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Luís Insua:

-“No pasado Pleno ordinario de decembro, no apartado de Rogos e Preguntas, formulamos a pregunta relativa ao cambio de ubicación da Estatua do Emigrante. Vostedes contestaron que non había proxecto, entón despois de saír na prensa e nos medios pregunto: Hai algo proxectado?”.

Sra Alcaldesa:

-“ Na prensa saíu porque alguén considerou que había que facer polémica con isto, a idea de Alternativa dos Veciños sería trasladala de sitio e buscarlle un sitio digno de acordo ao que representa. O lugar onde está non non gusta, é certo, porque recollemos queixas de determinados sectores que estamos atendendo e seguimos nese proceso, cando haxa avances xa volo faremos chegar e non pola prensa nin



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

creando unha polémica que non conduce a nada. Cando teñamos algo en firme farémovolo saber ”

Sr Luís Insua:

-“É unha idea. Eu penso que é patrimonio de todos, e debe ser consensuado.”

Sra. Alcaldesa:

-“Díxolle alguén que estaba aprobado?”.

Sr. Luís Insua:

-“Eu penso que é patrimonio de todos e todas de debe ser consensuado”.

Sra. Alcaldesa:

-“Díxolle alguén que estaba aprobada?”

Sr. Luís Insua:

-“Eu fago a pregunta aínda que xa vexo que non nolo permite”.

Sra. Alcaldesa:

-“Permítollo, pero non lle podo facer preguntas?”

Sr. Luís Insua:

-“En que situación se atopa o terreo que está situado na Rúa Alcalde Fernández, ao lado da Lareira?”.

Sra. Alcaldesa:

-“Está na mesma situación que na lexislatura anterior onde estaba vostede”.

Sr. Luís Insua:

-“Qué situación é esa?”

Sra. Alcaldesa:

-“Non o sabe”.

Sr. Luís Insua:

-“Eu si”.

Sra. Alcaldesa:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“Pois é esa mesma que vostede sabe e eu tamén. Nós simplemente a adecentamos, vós decidistes usalo como aparcamento e como é necesario o aparcamento en Fisterra nós seguimos, adecentando e mellorando os accesos”.

Sr. Luís Insua:

-“Quen lle dou o uso para aparcamento?”.

Sra. Alcaldesa:

-“ O uso xa o tiña”.

Sr. Luís Insua:

-“Refírese a nós, pero nós non estabamos gobernado. As rampas quen as fixo?”

Sra Alcaldesa:

-Nós imos usalo igual que o anterior equipo de goberno”.

Sr. Luís Insua:

-“Actuacións públicas en terreos de titularidade privada”.

Sra. Alcaldesa:

-“Uso público moi necesario para Fisterra”.

Sr. Luís Insua:

-“Hai permisos que o acrediten”.

Sra. Alcaldesa:

-“É un uso público que se fai de facto. Nós melloramos o terreo para evitar un accidente, inundacións. Estaba en uso público e nós continuamos con ese uso público”.

Sr. Luís Insua:

-“Cómo van as obras do mercado municipal?”.

Sra. Alcaldesa:

-“Avanzan as obras”.

Sr. Luís Insua:

-“Cómo é cando se vai facer a actuación sobre a pista do pavillón?”



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sra. Alcaldesa:

-“Fixemos un proxecto das cousas que quedaban por facer, estamos buscando financiamento para unha actuación importante”.

Sr. Luis Insua:

-“Supoño que xa comezaría coa redacción dos orzamentos de 2024”

Sra. Alcaldesa:

-“Si comezamos, déixamolo nas mans de Secretaría-Intervención que o vai facendo fóra de horas de traballo”.

Sr. Luís Insua:

-“Previsión?”

Sra. Alcaldesa:

-“Estamos nunha fase avanzada, temos moitas cousas do día a día e hai que priorizar e así o consensuamos co Secretario”.

Sr. Luís Insua:

-“Que fixo a selección do persoal para recollida de pellets”.

Sra. Alcaldesa:

-“Todo aquel que se anotou foi incluído, pero a selección fíxo a Empresa, quen nos pediu que lle facilitáramos un listado. Segundo a xente se foi apuntando, a Empresa foi collendo a xente segundo lle fixo falta”.

Sr. Luís Insua:

-“Cal foi o criterio que seguiu a Empresa?”

Sr. Francisco Martinez:

-“Que estiveran empadroados”.

Sr. Luís Insua:

-“Hai dúas semanas publicouse no facebook do Concello a actuación en parte da Rúa Cabo Fisterra en fronte ás Casas Baratas, sen embargo parcheouse esta semana. Cales son os plans para estas obras?”.

Sra. Alcaldesa:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“As últimas chuvias foron tremendas e dado que estaba nun estado deplorable e dado que a Empresa ten un prazo para comezar as obras, vímonos na obriga de asegurar os vehículos e as persoas, había baches que eran furados”.

Sr. Luís Insua:

-“Por último emprazarvos para que nos vindeiros anos a Cabalgata de Reis transcurra por todos e cada un dos lugares de Fisterra, porque todos os anos se fixo e agora que se nos poña a excusa de que a Cabalgata non cabía. Utilizábanse outro tipo de coches, para que ninguén quedase sen ver ese día a Cabalgata. É unha petición que nos fan os veciños”.

Sra. Alcaldesa:

-“Agradézolle esa petición. Nós consideramos que a Cabalgata grande tal e como se disfruta en Fisterra se achegase ás aldeas. Ao ser tan grande por seguridade a Policía Local recomendounos un percorrido e nós así o fixemos. Sabemos que houbo queixas, a nosa decisión foi consensuada coa Policía Local”.

Sr. Luís Insua:

-“Solía pasar todos os anos, utilizando vehículos alternativos”.

Sra. Alcaldesa:

-“Valoraremos para a próxima, quixemos levar a cabo a carroza grande aos puntos anunciados previamente para que todos puidesen achegarse xa que non pasaba por determinadas rúas estreitas e empinadas. Valoraremos esta petición para o ano seguinte”.

Sr. Luís Insua:

-“Queremos pedir unha cita para ver as modificacións previstas no Plan”

Sra. Alcaldesa:

-“ No PXOM, supoño que quererán que estea presente un técnico. Está os martes e mércores e estará encantado de recibilos para resolverlles as dúbidas que teñan.”

Sr. José Marcote:

-“En que punto está a tramitación da modificación do PXOM?”

Sra. Alcaldesa:

-“O PXOM está tal cual, do PEPRI acabamos de recibir unha resposta de Costas onde se nos pide máis información. O técnico vai ter unha reunión con Costas para perfilar un pouco as respostas, supoño que asistiremos o técnico e máis eu á devandita reunión”.

Sr. Francisco Lestón:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“O que había que valorar é unha vez que se responda esto, se podemos seguir avanzando, e non quedar estancados. Poden tardar un ano en volver a responder”.

Sr. José Marcote:

-“ Hai que intentar seguir”

Sra. Teresa Fernández, BNG:

-“Unha de actualidade, sabedes que hoxe a partir das 24.00 horas empeza a Campaña Electoral. Queremos saber por qué non se colocaron os taboleiros para poñer a publicidade electoral”.

Sra. Alcaldesa:

-“ Eu de campaña electoral non levo nada”.

Sra. Teresa Fernández:

-“ Unha cousa é que vós non vos presentades. Normalmente sempre se poñían uns taboleiros, ademais isto foi un acordo unánime”

Sra. Alcaldesa:

-“Non sei se hai sitios, o responsable da campaña no Concello é o Secretario-Interventor, non tiñades máis que chamar ao Concello e dicilo”.

Sra. Teresa Fernández:

-“Xa llo digo agora”..

Sra. Alcaldesa:

-“Agora está dicindo que empeza ás 24.00 horas, pero non é a min nin a este grupo de goberno a quen ten que dicirillo. Eu non podo responsabilizarme do que a min non me corresponde. Chamarades ao Concello”.

Sr. Manuel Canosa do grupo PP:

-“Son cousas que teñen que estar planificadas.”

Sra. Alcaldesa:

-“Vós que estades tanto en contacto, que vos presentades e non tedes sitio onde colocar a publicidade”

Sr. José Manuel Traba do grupo PP:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“E logo vós nas municipais, non colgastes publicidade?. Chamastes ao Concello para colocala?”

Sra. Alcaldesa:

-“Probablemente si. Hai uns paneis onde vos dixeran. Colócaos o Concello”.

Sr. Luís Insua:

-“E teño que mandarlle eu”.

Sra. Alcaldesa:

-“Intentaremos que mañá estean os sitios listos”.

Sra. Teresa Fernández:

-“O BNG no mes de agosto presentou unha Ordenanza de caravanas, quería saber cómo estaba isto porque o verán xa está a volta da esquina. Xa que existe a ordenanza quería que a traballades. Queremos saber se se vai adiantando algo ao respecto”.

Sra. Alcaldesa:

-“Estamos traballando nos espazos para ofrecer”.

Sra. Teresa Fernández:

-“Pódenos informar sobre o que se fixo ao respecto do desmonte na Cruz de Baixar”.

Sra. Alcaldesa:

-“Está o informe de Policía Local, o noso técnico emitiu un informe desfavorable e xunto cun informe xurídico enviouse a APLU, como marca a norma”.

Sra. Teresa Fernández:

-“Tense previsto elaborar unha ordenanza reguladora de utilización das pistas forestais de utilidade pública para extracción de aproveitamentos forestais”.

Sra, Alcaldesa:

-“Si, estamos no último proceso e xa vos convocaremos en breve para ultimalo”.

Sra. Teresa Fernández:

-“Creo que este é o 3º Pleno no que se debate sobre a valla do Vilar que delimita o espazo infantil coa estrada. Por qué non se colocou a valla?”

Sra Alcaldesa:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“Nós falamos con Eva, e ela di que non sabe a qué se refire esa varanda”.

Sra. Teresa Fernández:

-“A varanda deixámola nós comprada e supoño que estará no almacén para poñer delimitando o espazo infantil coa estrada para a seguridade dos nenos. O normal é que se poña unha valla. Ten que estar no almacén. Se non aparece haberá que conseguir outra porque ademais cando hai actividades os coches supoñen un perigo”

Sr. Francisco Lestón:

-“Preguntamos aos operarios e non sabían nada desto”.

Sra. Teresa Fernández:

-“Os coches métense na área recreativa e estropean o céspede. Se estivera a valla non se poñerían. Non nos dou tempo a poñela a nós. Hai que poñela se non desapareceu.”

Sra. Alcaldesa:

-“ Se non hai que comprala”.

E non tendo mais asuntos dos que tratar a Sra. Alcaldesa, levanta a sesión sendo as 19:36 horas, do que, como secretario , dou fe.